

María Teresa Tornero

Naceu no ano 1945, en Riaño un pobo de León somerxido na auga, chegou a Baiona porque o seu marido destinárono ao Parador. Muller emprendedora, buscou locais comerciais na rúa onde vivía, Carabela A Pinta, para comezar a súa andaina comercial. “Primeiro puxen unha perfumería e funa complementando con artigos de agasallo” comenta a empresaria “pero o meu non era a perfumería, senón a moda e decidín abrir a tenda O Delfín”.



Comezou viaxando ás principais cidades da moda europea, París, Milán, Roma, Dusseldorf e “por suposto, Madrid e Barcelona”. “Empecei con marcas importantes, sempre buscando o último e estando ao día, e o máis importante, nunca repetín unha peza no escaparate” asegura Teresa.

Hai 15 anos que se mudou ao seu actual empraemento, a rúa de Elduayen, onde agora xubilase e comenta moi orgullosa que “teño o privilexio de poder dicir que a maioría das miñas clientas son as miñas amigas, os meus confidentes. Xente marabillosa que se achega desde

Vigo, Santiago, Pontevedra, Ourense ou Portugal a vestirse na miña tenda e de paso queda uns días en Baiona”.

Pero o mérito do seu éxito non só é dela, senón tamén das súas fieis empregadas. Traballando sempre ao seu lado para que as súas clientas véxanse ben vestidas. “Aínda que non é tarefa fácil dar coa peza adecuada, contei con persoal moi cualificado e fiel que gozou e apaixonou coa moda” comenta. “ Se poño unha balanza sobre o traballo que pasei e a satisfacción que tiven, esta inclínase sobre o mundo da moda e vivilo coma se cada peza fose para min” engade.

Aos seus 72 anos, María Teresa xubíbase aínda que seguirá dirixindo a tenda que ten no Parador. Agora, unha entidade bancaría ocupará o lugar da emblemática tenda. Pero o nome do Delfín seguirá presente en Vigo, xa que as súas fillas xemelgas, que teñen unha tenda na rúa Rolda de Don Bosco co nome da súa nai, pasásena a chamar a partir do 1 de setembro O Delfín 2.